



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 19 DE XANEIRO DE 2024**

**PRESIDENTE:**

PABLO DIEGO MOREDA GIL

**MEMBROS:**

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

**SECRETARIA:**

ANA VELO RUIZ

**INTERVENTORA:**

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 19 de xaneiro de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 05.01.2024**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 05.01.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. 2ª PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS 2021/U022/000013 (EXPTE: 2023/U003/000002)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 19.01.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: 2ª PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS 2021/U022/000013  
(Exppte:2023/U003/000002)**



<b>EXPEDIENTES RELACIONADOS:</b>	2021/U022/000013: Reforma edificación para uso hotelero, en 2022/U003/000002: 1ª prórroga prazo inicio obras.
<b>OBXECTO:</b>	2ª Prórroga do prazo para o inicio das obras
<b>PROMOTOR:</b>	Cheda López Cedeira, S.L..
<b>CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:</b>	Solo urbano Solo urbano consolidado
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	
<b>PRAZO DE INICIO DAS OBRAS:</b>	6 Meses

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal 05.01.2024
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 15.01.2024

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a 2ª prórroga do prazo para o inicio das obras.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000006

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 19.01.2024, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

##### **Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000006**

<b>OBXECTO:</b>	Reforma de local para despacho de xeadro
<b>PROMOTOR/A:</b>	Bico da Marela, S.L.
<b><u>CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:</u></b>	
<b>CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:</b>	SOLO URBANO CONSOLIDADO
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	28.514,58 €
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	- Proxecto técnico de reforma de local para despacho de xeadro. Data documento: Xaneiro de 2023, con visado en data 02/02/2023. - Anexo complementario con data de rexistro 07/11/2023 e visado 03/11/2023 Redactor/a: Arquitectos Andrea Fernández Fernández nºcolexiado COAG 4.605, Juan Prieto López nº colexiado COAG 3.750 Faustino Patiño Cambeiro nº colexiado COAG 3.505
<b>TÉCNICOS AUTORES DO</b>	Andrea Fernández Fernández nºcolexiado COAG 4.605, Juan Prieto



<b>PROXECTO E DIRECTORES DE EXECUCIÓN:</b>	López nº Colexiado COAG 3.750 Faustino Patiño Cambeiro nº Colexiado COAG 3.505
<b>COORDINADOR DE SE Y SA:</b>	Arquitecto Gianfranco Paolo Olivieri Guadalupi, Colexiado COAG nº 4004
<b>PRAZO DE INICIO:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:</b>	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG
<b>PRÓRROGAS:</b>	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
<b>AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:</b>	- Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia, autorizando as obras, con número de expediente 1477/23. - Declaración responsable Servizo Provincial de Urbanismo.
<b>NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:</b>	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrarase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
<b>CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 05.01.2024)</b>	- Cumprírase o condicionado da/s autorización/s sectoriais. - Deberá executarse a costa do promotor a conexión cos servizos existentes. - O prazo de execución non excederá de tres meses dende a terminación da edificación e xustificarse antes da primeira ocupación.  - Finalizadas as obras deberá presentar: - Certificado Final de Obras, visado polos Colexios Profesionais correspondentes. - Liquidación final da obra executada. - Fotografías exteriores do inmoble rematado incluíndo as fachadas con medianeiras se as houbera. - Planos do estado definitivo, se procede. - Xustificantes de inclusión no Imposto de Bens Inmóveis de natureza urbana (modelo 902-N).  - Con carácter previo ao inicio de actividade e unha vez terminada a obra, presentarase a comunicación previa para inicio de actividade. - Informe de avaliación acústico da actividade e local no que se pretende exercer, elaborado a partir das medicións realizadas no local, partindo da clasificación de actividades recollidas no apartado A do Anexo do Decreto 106/2015 que acredite os valores de illamento indicado no apartado B do mesmo anexo. - Póliza de seguro de responsabilidade obrigatoria. - Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico favorable por parte do Arquitecto Técnico Municipal en data 05.01.2024
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 12.01.2024.



Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada para reforma de local para despacho de xeados.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 05.01.2024.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

4º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

5º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**4. MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN Nº 73/08. (EXP: 2023/U022/000047)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 19.01.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto:** MODIFICACIÓN DE LICENZA DE EDIFICACIÓN Nº 73/08  
(EXP: 2023/U022/000047)

EXPTES. RELACIONADOS	Licenza de obra:73/08 Comunicación previa Primeira ocupación: 2023/U052/000002
OBXECTO	Modificación de licenza de edificación Expte.: 73/08
PROMOTOR	
REFERENCIA CATASTRAL	
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA	Memoria final de las modificaciones del proyecto de obra. Planos A1R- A2R- A3R- A4R. (Maio 2021) Data documento: Xuño 2023, visado en data 22/06/2023 Redactor/a: Elena María Pernas Ochoa, Arquitecto Colexiado COAG 2.396
TAXA ABONADA	15€

Vista a Licenza de edificación concedida mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 13.01.2009 para a construción de vivenda unifamiliar en lugar Escolar de Esteiro s/n.  
(Expte.: 73/08)



Vista a documentación presentada nas datas 11.07.2023 (registro nº 2336) e 05.09.2023 (registro nº 2900) no expediente de Comunicación previa de primeira ocupación por D. relativa ás variacións de detalle.

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico de data 03.01.2024 do Arquitecto Técnico Municipal.
- Visto o informe xurídico de data 10.01.2024 da Técnico de Administración Xeral.

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte ocurso:

1º) Modificar a licenza de edificación 73/08, concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 13.01.2009, no tocante a:

Variacións de detalle:

- Variacións na distribución en planta baixa e planta semisótano.
- Dimensión vertical en xanelas V6.
- Cambio no sistema de produción de ACS.

2º) Que se dilixencie a documentación presentada xustificativa das modificacións levadas a cabo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 5. LICENZA DE PARCELACIÓN (EXP.2023/U018/000005)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 19.01.2024, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

#### LICENZA DE PARCELACIÓN (EXP.2023/U018/000005)

Con data 12.07.2023 (rex. entrada nº 202399900001549) D. presenta solicitude de licenza de parcelación urbanística da finca sita en con referencia catastral

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal 21.12.2023
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 09.01.2024.


Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Conceder a D. licenza de parcelación urbanística solicitada para finca con referencia catastral incorporando como anexo a copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

A documentación presentada que serve de base para a concesión da licenza é o Estudio Arquitecto Urbanístico de Segregación de parcela en de data xuño 2023, redactado por José María Lorenzo Fernández, Arquitecto, colexiado COAG 2.891.



2. Dilixenciar o proxecto e planos obxecto desta licenza.
3. Notificar o presente acordo á persoa interesada.



FIRMADO POR Ana Velo Ruíz (FECHA: 22/01/2024 11:40:00) , Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 22/01/2024 12:30:00)

Versión imprimible

CVD: dTAJhN4yuQh/BsxMheq Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



### 3.- FICHA INDIVIDUALIZADA PARCELAS RESULTANTES.

PLAN XERAL CONCELLO DE CEDEIRA		
ORDENANZA	BD1- S. URBANO BAJA DENSIDAD, GRADO 1	PARCELA RESULTANTE A
USO PRINCIPAL	RESIDENCIAL VIVIENDA Y OTROS	RESIDENCIAL VIVIENDA
TIPOLOGÍA	UNIFAMILIAR AISLADA	UNIFAMILIAR AISLADA
ALINEACIONES	SEGÚN PLANO ALINEACIONES Y RASANTES	SEGÚN PLANO ALINEACIONES Y RASANTES
PARCELA MÍNIMA	300 m2	453 m2
FRENTE MÍNIMO	6 m (INSCRIBIR CIRCUNF. 12 m DIÁMETRO)	16,89 m - CUMPLE
OCUPACIÓN PARCELA	50% PARCELA NETA	MAX. 226,50 m2

FICHA PARCELA A													
<b>SITUACIÓN Y EMPLAZAMIENTO</b>	Parcela matriz resultante A, Cedeira												
<b>PROPIETARIO</b>													
<b>SUPERFICIE BRUTA</b>	493 m2												
<b>CESIONES</b>	40 m2												
<b>SUPERFICIE NETA</b>	438 m2												
<b>EDIFICACIONES</b>	La parcela no está edificada												
<b>LINDEROS</b>	Norte, con Ana María Macia Ovalle (32); Sur, con Parcela Neta Resultante B; Este, con María del Pilar Rey Pérez (29); y Oeste, con Camino de San Antonio, parcela de cesión para viales en medio.												
<b>CALIFICACIÓN URBANÍSTICA</b>	Ordenanza BD1- Suelo Urbano de Baja Densidad, Grado 1.												
<b>CONDICIONES DE EDIFICACIÓN</b>	<table border="1"> <tr> <td><b>USO</b></td> <td>Residencial de vivienda, categoría 1a.a), c)</td> </tr> <tr> <td><b>ALTURA MÁXIMA</b></td> <td>B+1 (6,5 m)</td> </tr> <tr> <td><b>RETRANQUEOS LATERALES/FONDO</b></td> <td>2 m</td> </tr> <tr> <td><b>RETRANQUEO ALINEACIÓN</b></td> <td>3 m</td> </tr> <tr> <td><b>OCUPACIÓN DE PARCELA</b></td> <td>50% Parcela neta</td> </tr> <tr> <td><b>SÓTANO Y SEMISÓTANO</b></td> <td>Autorizados sin computar edificabilidad</td> </tr> </table>	<b>USO</b>	Residencial de vivienda, categoría 1a.a), c)	<b>ALTURA MÁXIMA</b>	B+1 (6,5 m)	<b>RETRANQUEOS LATERALES/FONDO</b>	2 m	<b>RETRANQUEO ALINEACIÓN</b>	3 m	<b>OCUPACIÓN DE PARCELA</b>	50% Parcela neta	<b>SÓTANO Y SEMISÓTANO</b>	Autorizados sin computar edificabilidad
<b>USO</b>	Residencial de vivienda, categoría 1a.a), c)												
<b>ALTURA MÁXIMA</b>	B+1 (6,5 m)												
<b>RETRANQUEOS LATERALES/FONDO</b>	2 m												
<b>RETRANQUEO ALINEACIÓN</b>	3 m												
<b>OCUPACIÓN DE PARCELA</b>	50% Parcela neta												
<b>SÓTANO Y SEMISÓTANO</b>	Autorizados sin computar edificabilidad												



PLAN XERAL CONCELLO DE CEDEIRA		
ORDENANZA	BD1- S. URBANO BAJA DENSIDAD, GRADO 1	PARCELA RESULTANTE B
USO PRINCIPAL	RESIDENCIAL VIVIENDA Y OTROS	RESIDENCIAL VIVIENDA
TIPOLOGÍA	MEDIANERA PARCELA COLINDANTE	UNIFAMILIAR ADOSADA
ALINEACIONES	SEGÚN PLANO ALINEACIONES Y RASANTES	SEGÚN PLANO ALINEACIONES Y RASANTES
PARCELA MÍNIMA	300 m <sup>2</sup>	328 m <sup>2</sup>
FRENTE MÍNIMO	6 m (INSCRIBIR CIRCUNF. 12 m DIÁMETRO)	33,41 m - CUMPLE
Ocupación PARCELA	50% PARCELA NETA	MÁX. 164 m <sup>2</sup>

FICHA PARCELA B													
<b>SITUACIÓN Y EMPLAZAMIENTO</b>	Parcela resultante B,												
<b>PROPIETARIO</b>													
<b>SUPERFICIE BRUTA</b>	438 m <sup>2</sup>												
<b>CESIONES</b>	110 m <sup>2</sup>												
<b>SUPERFICIE NETA</b>	328 m <sup>2</sup>												
<b>EDIFICACIONES</b>	Adosamiento obligatorio, al existir una construcción adosada												
<b>LINDEROS</b>	Norte, con Parcela Neta Resultante A; Sur, con Calle Cristo, parcela de cesión para viales en medio; Este, con María del Pilar Rey Pérez (29); y Oeste, con Camino de San Antonio, parcela de cesión para viales en medio												
<b>CALIFICACIÓN URBANÍSTICA</b>	Ordenanza BD1- Suelo Urbano de Baja Densidad, Grado 1.												
<b>CONDICIONES DE EDIFICACIÓN</b>	<table border="1"> <tr> <td><b>USO</b></td> <td>Residencial de vivienda, categoría 1a.a), c)</td> </tr> <tr> <td><b>ALTURA MÁXIMA</b></td> <td>B+1 (6,5 m)</td> </tr> <tr> <td><b>RETRANQUEOS LATERALES/FONDO</b></td> <td>2 m</td> </tr> <tr> <td><b>RETRANQUEO ALINEACIÓN</b></td> <td>3 m</td> </tr> <tr> <td><b>OCUPACIÓN DE PARCELA</b></td> <td>50% Parcela neta</td> </tr> <tr> <td><b>SÓTANO Y SEMISÓTANO</b></td> <td>Autorizados sin computar edificabilidad</td> </tr> </table>	<b>USO</b>	Residencial de vivienda, categoría 1a.a), c)	<b>ALTURA MÁXIMA</b>	B+1 (6,5 m)	<b>RETRANQUEOS LATERALES/FONDO</b>	2 m	<b>RETRANQUEO ALINEACIÓN</b>	3 m	<b>OCUPACIÓN DE PARCELA</b>	50% Parcela neta	<b>SÓTANO Y SEMISÓTANO</b>	Autorizados sin computar edificabilidad
<b>USO</b>	Residencial de vivienda, categoría 1a.a), c)												
<b>ALTURA MÁXIMA</b>	B+1 (6,5 m)												
<b>RETRANQUEOS LATERALES/FONDO</b>	2 m												
<b>RETRANQUEO ALINEACIÓN</b>	3 m												
<b>OCUPACIÓN DE PARCELA</b>	50% Parcela neta												
<b>SÓTANO Y SEMISÓTANO</b>	Autorizados sin computar edificabilidad												

”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 6. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F-2023-63

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.01.2024, que literalmente di:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.





“Expediente: 2024/G006/000014

Asunto: Aprobación da relación de facturas F-2023-63

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a relación de facturas F-2023-63 seguinte:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2023/2456	A 18	18/08/2023	B67952044	PIROTECNIA MILLARENGO	Fuegos servidos y disparados	338	22799	16.000,00 €
F/2023/2816	2023_A09_12	30/09/2023	B06909501	MERAKI CR S.L.	TRABAJOS DE REPARACIÓN DE CUBIERTA DAÑADA POR TEMPORAL DE PISTA DE PADEL	342	63200	23.228,14 €
F/2023/3301	Emit-23 151	20/11/2023	B15148729	MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.	27/23 HONORARIOS POR REDACCIÓN DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN EN EL ÁMBITO DE LA RÚA DO ENSINO.	151	22706	17.545,00 €
F/2023/3424	2023/3297	30/11/2023	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Novembro 2023 ( AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA )	1623	22799	15.283,75 €
F/2023/3430	Emit-23. 75	13/12/2023	B70316690	PRIETO MOURIZ SL	MAN DE OBRA PARA SUSTITUCIÓN DE UBERTA DO ESCOLAR DE SISALDE ESTEIRO SEGUN ORZAMENTO 281.01	336	63200	13.530,84 €
F/2023/3483	Emit- 2023000372	15/12/2023	B70319892	TALLERES METALICOS LUCIANO SL	Realización trabajos reparación barandillas hierro fundido existentes, situadas en ambos lados de las aceras Avenida Da	1532	61900	18.106,14 €
								<b>103.693,87 €</b>

Visto o informe emitido CON REPARO de Intervención de data 16.01.2024, no que se fiscaliza con reparo as facturas seguintes:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2023/2456	A 18	18/08/2023	B67952044	PIROTECNIA MILLARENGO	Fuegos servidos y disparados	338	22799	16.000,00 €
F/2023/2816	2023_A09_12	30/09/2023	B06909501	MERAKI CR S.L.	TRABAJOS DE REPARACIÓN DE CUBIERTA DAÑADA POR TEMPORAL DE PISTA DE PADEL	342	63200	23.228,14 €
F/2023/3301	Emit-23 151	20/11/2023	B15148729	MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.	27/23 HONORARIOS POR REDACCIÓN DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN EN EL ÁMBITO DE LA RÚA DO ENSINO.	151	22706	17.545,00 €

Visto do Decreto de Alcaldía número 43/2024 de data 16.01.2024 de levantamento do reparo.



Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2024, que é o prorrogado do ano 2023, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “*a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis*”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Vista a Base 45.5ª de execución orzamentaria autorízase á Alcaldía para que poida adoptar resolucións ata o 31 de xaneiro do exercicio corrente que afecten a actos de execución orzamentaria tanto de orzamento correntes como de orzamentos pechados unha vez finalizado o exercicio orzamentario (31 de decembro) cuxos devengos correspondan ó exercicio rematado. En ditas resolucións farase constar esta autorización e a súa imputación orzamentaria farase con cargo ó último día hábil do orzamento rematado.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) *Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde*”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F-2023-63 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2023, e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 103.693,87 euros.

**SEGUNDO.-** Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 103.693,87 euros.



**CUARTO.-** Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **7. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO DE 2023**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2024, que literalmente di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE DECEMBRO DE 2023.**

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de decembro 2023 que empeza por cun importe de 122,62 € e finaliza con cun importe de 79,20 € e se compón de 43 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.443,90 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de decembro de 2023 que empeza por cun importe de 37,80 € e finaliza con T cun importe de 28,80 € e se compón de 8 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 348,84 €.



2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O EXERCICIO 2023. ASOCIACIÓN SAN ANDRÉS DE TEIXIDO EVENTOS, CON CIF G70536842.**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000001

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvención nominativa para o exercicio 2023. Asociación San Andrés de Teixido Eventos, con CIF G70536842.

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 12 de maio de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación San Andrés de Teixido- Eventos de Cedeira con NIF G70536842 para o ano 2023 e o 19 de maio de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola asociación San Andrés de Teixido Eventos, con CIF G70536842

Visto o informe favorable de Intervención de data 12 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola asociación San Andrés de Teixido Eventos, con CIF G70536842

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.050,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO**



## CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. AAVV DE REGOA CON NIF G15288228

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000002

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. AAVV DE REGOA con NIFG15288228.

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola AAVV DE REGOA con NIFG15288228.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 12 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Visto que non xustifican o importe total da subvención, 1.270,81€ na área de investimentos e, que teñen depositada unha garantía por importe de 381,24€, o importe que se liberará da garantía será 320,43€.

A entidade non xustifica o importe do anticipo do 70% na área de investimentos. Este importe non xustificando se poderá detraer do importe da garantía que lle correspondería aboar ao concello.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Sociedade cultural AAVV DE REGOA con NIFG15288228.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificando da subvención, 900,00 € correspondente á subvención destinada a actividades e 320,43 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



## 10. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS PARROQUIAIS DURANTE 2023: COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ROMÁN NIF V70571237

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000012

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións para gastos de Comisións de Festas parroquiais durante 2023: comisión de festas de San Román NIF V70571237.

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións para gastos de Comisións de Festas parroquiais durante 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 155/2023 de data 30 de marzo de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola comisión de festas de San Román NIF V70571237

Visto o informe favorable de Intervención de data 16 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación dos gastos realizada pola comisión de festas de San Román NIF V70571237

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 399,99 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 11. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. AAVV DA PARROQUIA DE PIÑEIRO CON NIF G70327069

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 16.01.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000017



**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. AAVV DA PARROQUIA DE PIÑEIRO con NIF G70327069.

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola AAVV DA PARROQUIA DE PIÑEIRO con NIF G70327069.

Vista a documentación xustificativa de verificación da subvención, os gastos efectuados non xustifican a totalidade do anticipo da subvención percibida, polo que haberá que devolver a diferenza resultante.

Visto o informe favorable de Intervención de data 17 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación parcial da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os gastos efectuados para a xustificación de parte da subvención percibida pola AAVV DA PARROQUIA DE PIÑEIRO con NIF G70327069, tendo en conta que os gastos efectuados non xustifican a totalidade do anticipo da subvención percibida.

**SEGUNDO.** Ordenar a devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente do concello de Cedeira ES 15 2080 5196 2931 1000 0027 da parte anticipada e non xustificada segundo o seguinte detalle:

IMPORTE SUBVENCIÓN	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN	IMPORTE XUSTIFICADO POLA ASOCIACIÓN	IMPORTE A DEVOLVER POLA ASOCIACIÓN
3.142,68 €	2.199,87 €	1.041,09 € €	1.158,78 €
1.208,82 €	846,17 €	0,00 €	846,17 €
<b>TOTAL</b>			<b>2.004,95 €</b>

**TERCEIRO.** Anular en contabilidade as garantías segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320230000322	SIA	01/01/2024	20510	942,81
320230000335	SIA	01/01/2024	20510	362,65

**CUARTO.** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**QUINTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## **12. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS VIVEIRO E CERDIDO”. POS+ADIC 2/2022**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.01.2024, que literalmente di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS VIVEIRO E CERDIDO”. POS+ADIC 2/2022**

**Nº Expediente: 2022/C003/000003**

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS VIVEIRO E CERDIDO", segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira D.<sup>a</sup> Ana Adelina López López en xaneiro de 2022, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 41.951,62 € IVE incluído.

Este proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2022), e foi aprobado polo Pleno municipal de data 03.02.2022.

A actuación que se pretende entra dentro do esforzo que está realizando a corporación municipal para dotar dunha rede separativa ao casco urbán de Cedeira coa finalidade de conseguir un tratamento máis sostible do saneamento do concello. O obxecto deste proxecto é definir e valorar unha rede de augas pluviais na rúa viveiro e nunha parte da rúa Cerdido, e conectalas á rede de pluviais existente na rúa As Pontes de García Rodríguez.

Constan no expediente os seguintes documentos. Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2022/C003/000003:

- Proxecto técnico de xaneiro de 2022, redactado pola Enxeñeira D.<sup>a</sup> Ana Adelina López López, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 41.951,62 € IVE incluído.
- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 17.01.2022.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 24.01.2022 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria do Concello.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 23.10.2023 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 20.10.2023.
- Providencia da Alcaldía de data 10.01.2024 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Acta de replanteo previo de data 11.01.2024
- Informe xurídico favorable, de data 17.01.2024.
- Informe de fiscalización favorable, de data 18.01.2024

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:





1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado **abreviado**, para o proxecto denominado “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS VIVEIRO E CERDIDO”.
2. Autorizar, en contía de 41.951,62 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS VIVEIRO E CERDIDO” por procedemento aberto simplificado abreviado e asinado pola Alcaldía con data 20.10.2023.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### **13. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA MEDIADORA”. POS+ADIC 2/2022**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.01.2024, que literalmente di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA MEDIADORA”. POS+ADIC 2/2022**

**Nº Expediente: 2022/C003/000004**

Este concello necesita levar a cabo a contratación da obra denominada "MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA MEDIADORA" , segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira D.<sup>a</sup> Ana Adelina López López en xaneiro de 2022, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 67.845,69 € IVE incluído.

Este proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+2022), e foi aprobado polo Pleno municipal de data 03.02.2022.

A actuación que se pretende, consistente na execución dunha rede separativa para augas pluviais e augas residuais na rúa María Mediadora, está incluída no esforzo que realiza a corporación municipal para dotar dunha rede separativa ao casco urbán de Cedeira coa finalidade de conseguir un tratamento máis sostible do saneamento do concello.

As obras consisten principalmente en anular os sumidoiros existentes e colocar unha nova rede de augas pluviais con novos sumidoiros de forma que recollan as escorrentías da calzada e se conecten as baixantes dos edificios. Así mesmo, procederáse á demolición do colector unitario existente e á substitución do mesmo por unha nova rede de augas residuais.

Constan no expediente os seguintes documentos. Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2022/C003/000004:



- Proxecto técnico de xaneiro de 2022, redactado pola Enxeñeira D.<sup>a</sup> Ana Adelina López López, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 67.845,69 € IVE incluído.
- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 17.01.2022.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 24.01.2022 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria do Concello.
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 23.10.2023 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 23.10.2023.
- Providencia da Alcaldía de data 10.01.2024 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Acta de replanteo previo de data 11.01.2024
- Informe xurídico favorable, de data 18.01.2024.
- Informe de fiscalización favorable, de data 18.01.2024

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado **abreviado**, para o proxecto denominado “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA MEDIADORA”.
2. Autorizar, en contía de 67.845,69 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “MELLORAS DO FIRME E DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA MARÍA MEDIADORA” por procedemento aberto simplificado abreviado e asinado pola Alcaldía con data 23.10.2023.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**14. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 09.11.2023, P.A. 22/2023 DE JOSÉ FERNÁNDEZ PITA CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2023/P002/000004)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.01.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 09.11.2023, P.A. 22/2023 DE JOSÉ FERNÁNDEZ PITA CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2023/P002/000004)**



Visto que con data 24.11.2023 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 09.11.2023 (rex de entrada nº 202300000003793, de data 20.11.2023), en relación co procedemento abreviado P.A. 22/2023 de José Fernández Pita contra o Concello de Cedeira.

Vista a dilixencia de ordenación do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 22.12.2023 (rex de entrada nº 20240000000081, de data 09.01.2024) pola que se acorda declarar firme a sentenza ditada de data 09.11.2023.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para a incoación do expediente para a aprobación do gasto.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**15. DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 29.11.2023, P.A. 230/2022 DE VIAQUA SAU CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000017)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.01.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 29.11.2023, P.A. 230/2022 DE VIAQUA SAU CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2022/P002/000017)**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 29.11.2023 (rex de entrada nº 202499900000030, de data 08.01.2024) en relación co procedemento abreviado P.A. 230/2022 de Viaqua SAU contra o concello de Cedeira, cuxo fallo di:

*“(…) SE DESESTIMA el recurso contencioso administrativo interpuesto por la procuradora Sra. Vázquez Méndez en el nombre y representación invocada contra la desestimación por silencio administrativo de la solicitud presentada por Viaqua A Concello de Cedeira sobre reclamación de pago de factura 255-00001/07F en concepto de ejecución de los trabajos de “Instalación de colector de aguas pluviales en la Plaza Sagrado Corazón” por importe de 29.853,27 € por entender que es conforme a derecho. Sin Costas.*

*Notifíquese esta sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra la misma no cabe recurso de apelación y sólo podrá ser objeto de recurso de casación en las condiciones dispuestas en el artículo 86 de la LJCA.(…)”*

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Tomar coñecemento da sentenza.

**Segundo.-** Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 656/2023 DO 27.12.2023 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2024**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 656/2023 de data 27.12.2023, que di:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2024**

Vistas Bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-CONCELLOS 2023, publicada no BOP núm. 206 de 27 de outubro de 2023.

Visto que na base 6 se establecen os módulos e contías polos que a Deputación Provincial subvencionará os gastos derivados da contratación das persoas conforme aos módulos e tramos de asignación, correspondendolle a Cedeira como contía máxima de solicitude de subvención a cantidade de **43.000 €**, para a vixencia do programa que se extenderá ata o 31 de decembro de 2024.

Visto que se establece que entre a documentación a presentar deberase remitir certificado da aprobación de adhesión polo órgano competente municipal.

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Adherirse ao **PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2024** mediante a execución de obras e servizos básicos e esenciais municipais da Deputación da Coruña anualidade 2023, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

**Terceiro.-** Solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro das Bases do Plan de Emprego Local (PEL) mediante execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia para a contratación dos seguintes postos de traballo durante **6 meses ao 100% da xornada:**

Concepto	Importe
Retribucións	36.755,72
S.S. Empresa	14.106,85
Ind. Fin Contrato	1.225,19
<b>Total Costes</b>	<b>52.087,76</b>



**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**17. DAR CONTA DO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 38/2024 DO 12.01.2024 DE XUSTIFICACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 38/2024 de data 12.01.2024, que di:

**“DECRETO DE ALCALDÍA**

**Expediente:** 2024/G003/000028

**Asunto:** XUSTIFICACIÓN DO ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA ANUALIDADE 2023.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 21 de abril de 2023, acordou a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asociación Mares de Cedeira, con CIF G70429527 para o ano 2023.

O 28 de abril de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 20.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 334.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2023.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 03 de maio de 2023 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACIÓN MARES DE CEDEIRA con NIF G70429527.

Visto o informe favorable de Intervención de data 11 de xaneiro de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**SEGUNDO.-** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Mares de Cedeira, con CIF G70429527.

**TERCEIRO.-** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 6.000,00 € con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).



**CUARTO.-** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**QUINTO.-** Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

**SEXTO.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**18. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 39/2024 DO 16.01.2024 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA A “REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE LAVADOIRO DE PENELA E FONTE E LAVADOIRO DO PENEIRO” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA 2024 -MT402B**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 39/2024 de data 16.01.2024, que di:

**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA PARA A “REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE LAVADOIRO DE PENELA E FONTE E LAVADOIRO DO PENEIRO” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA 2024 -MT402B**

Vista a Resolución do 11 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2024, publicada no DOGA número 10 de 15 de xaneiro de 2024.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que entre a documentación a presentar, deberá achegar acordo da entidade municipal relativo á solicitude da axuda.

Visto o proxecto realizado pola empresa Move Proyetos e inversiones S.L. coa denominación “**REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE LAVADOIRO DE PENELA E FONTE E LAVADOIRO DO PENEIRO**” cun orzamento sen IVE de 27.962,51 € e 33.834,64 con IVE incluído.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

**Segundo.-** Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 11 de decembro de 2023 para a realización do proxecto “**REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE LAVADOIRO DE PENELA E FONTE E LAVADOIRO DO PENEIRO**” cun orzamento sen IVE de 27.962,51 € e 33.834,64 con IVE incluído.

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución



Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**19. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 43/2024 DO 16.01.2024 DE LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/63**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 43/2024 de data 16.01.2024, que di:

“**Expediente:** 2024/G003/000045

**Asunto:** Levantamento de reparo e aprobación da relación de facturas F/2023/63

**DECRETO ALCALDÍA**

Vista a relación de facturas F-2023-63 que suma un importe total 88.410,12€:

Nº RX	PROVEEDOR	TEXTO FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN
F/2023/2456	Pirotecnia millarengo	Fuegos fiestas patronales	16.000,00 €	338.22799
F/2023/2816	MERAKI	Reparación pista padel	23.228,14 €	342.63200
F/2023/3301	MONTEOLIVA	Redacción plan general ordenación Rúa do ensino	17.545,00 €	151.22706
F/2023/3430	Prieto Mouriz	CM sustitución cuberta escolar Sisalde	13.530,84 €	336.63200
F/2023/3483	Talleres mecanicos Luciano	Reparación barandillas hierro fundido aceras	18.106,14 €	1532.61900
			<b>88.410,12 €</b>	

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 16.01.2024 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2023/63 relativo ás seguintes facturas:

Nº RX	PROVEEDOR	TEXTO FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN
F/2023/2456	Pirotecnia millarengo	Fuegos fiestas patronales	16.000,00 €	338.22799
F/2023/2816	MERAKI	Reparación pista padel	23.228,14 €	342.63200



F/2023/3301	MONTEOLIVA	Redacción plan general ordenación Rúa do ensino	17.545,00 €	151.22706
-------------	------------	---	-------------	-----------

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2023, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2023, que é o prorrogado de 2022, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

**SEGUNDO.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2023/63, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento Municipal exercicio 2023 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 88.410,12euros.

**TERCEIRO.-** Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 88.410,12eurose que pola Tesourería Municipal se proceda ao seu pagamento.





**CUARTO.-** Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**20. ASUNTOS VARIOS**

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

**20.1 LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000045**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 19.01.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2023/U022/000045**

<b>OBXECTO:</b>	Implantación de uso en local destinado a centro de Ioga en
<b>PROMOTOR/A:</b>	
<b><u>CONSIDERACIONES URBANÍSTICAS:</u></b>	
<b>CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:</b>	Solo urbano consolidado
<b>REFERENCIA CATASTRAL:</b>	
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	Local Destinado a Centro de Ioga Data documento: Marzo 2023
<b>TÉCNICA AUTORA DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:</b>	Carolina Freire Díaz, Arquitecto técnica Colexiada
<b>CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 02.01.2024)</b>	Con carácter previo ao inicio de actividade, presentarase a comunicación para inicio da mesma.

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto os informes técnicos por parte do Arquitecto Técnico Municipal de datas 02.01.2024 e 17.01.2024.
- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 18.01.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de implantación de uso en local destinado a centro de Ioga en rúa Valdoviño 1.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 02.01.2024.



2º) Que se dilixencie a documentación técnica obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

3º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

## 20.2 CONCESIÓN SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.01.2024, que literalmente di:

### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**Asunto: CONCESIÓN SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022”**

**Expte.: 2021/C003/000002**

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.05.2023 foi adxudicada a obra denominada “Ampliación do saneamento en As Pontigas” a CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. O contrato administrativo formalizouse con data 16.06.2023.

Con data 27.06.2023 formalizouse a Acta de comprobación do replanteo.

O prazo de execución deste contrato é de 4 meses, polo que debería finalizar a obra o día 27.10.2023.

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.11.2023 foi concedida unha prórroga do prazo de execución do contrato, polo que a finalización do mesmo tería a data límite do 27.12.2023.

Con data 12.12.2023 (R.E. 2023/999/2562) o adxudicatario presenta unha segunda solicitude de prórroga de dous (2) meses do prazo de execución do contrato, motivada no seguinte:

“(…)

- *la obra está temporalmente paralizada por imprevistos surgidos en torno a la carretera DP-2206, estando a la espera de recibir instrucciones del Concello de Cedeira para solucionar la problemática en el entorno de esta carretera.*

- *La previsión de las condiciones climatológicas es adversa, junto a la gran cantidad de festivos de convenio en la construcción durante los próximos meses”.*

Con data 08.01.2024 (R.E. 2024/999/35) o director de obra emite un informe favorable á concesión desta prórroga, ao considerala xustificada polos argumentos expostos polo adxudicatario.

Con data 18.01.2024 emitíuse un informe favorable de Secretaría, coa seguinte observación:

*“Acudiendo al Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (art.100), la petición de prórroga por parte del contratista deberá tener lugar en un plazo máximo de quince días desde aquel en que se produzca la causa originaria del retraso, alegando las razones por las que estime no le es imputable y señalando el tiempo probable de su duración, a efectos de que la Administración pueda oportunamente, y siempre antes de la terminación del plazo de ejecución del*



contrato, resolver sobre la prórroga del mismo, sin perjuicio de que una vez desaparecida la causa se reajuste el plazo prorrogado al tiempo realmente perdido.

*Si la petición del contratista se formulara en el último mes de ejecución del contrato la Administración deberá resolver sobre dicha petición antes de los quince días siguientes a la terminación del mismo. Durante este plazo de quince días, no podrá continuar la ejecución del contrato, el cual se considerará extinguido el día en que expiraba el plazo previsto si la Administración denegara la prórroga solicitada, o no resolviera sobre ella.*

*Debe tenerse en cuenta en el presente expediente, en relación al cumplimiento de los plazos señalados, que si bien la solicitud de prórroga tuvo lugar en fecha 12.12.2023, el informe favorable de la Dirección de Obra no tuvo entrada en el registro del concello hasta el 08.01.2024, siendo el plazo general de emisión de informes (preceptivos en relación a la presente solicitud, según se indicó en los antecedentes) el de 10 días hábiles (artículo 80 de la Ley 39/2015 PACAP).”*

Con data 18.01.2024 emitiuse un informe favorable de Intervención.

Polo tanto, **propono** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Conceder unha segunda prórroga para a execución do contrato denominado “Ampliación do saneamento en As Pontigas” de **DOUS (2) MESES**.
- 2.- Deberáse recepcionar este contrato como data límite o día 27.02.2024.
- 3.- Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e á dirección de obra.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:06 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ